

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 12 DE FEBREIRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Manuel Galdo Pérez como director xeral de Política Financeira e Tesouro.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Presidencia a Manuel Galdo Pérez.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da obra de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4.1. Treito: enlace de Rande – enlace de Cangas, nos concellos de Cangas e Moaña (clave: PO/12/070.01).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en Galicia en materia de industria.



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, con 46 federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica, para a realización das actuacións, funcións e cometidos que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen en réxime de exclusividade cun investimento total dun millón seiscentos noventa e nove mil novecentos corenta e nove euros (1.699.949 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Nigrán para a execución da obra de ampliación da rede de abastecemento en Camos. Nigrán (Pontevedra), clave OH.236.1050, por importe de oitocentos vinte e oito mil oitocentos trinta e un euros con dezasete céntimos (828.831,17 euros).
- Acordo polo que se aproba o Plan de vivenda de Galicia 2015-2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza eximir os organismos de investigación de Galicia, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a organismos de investigación de Galicia para a creación, posta en marcha e impulso de unidades mixtas de investigación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia



para o segundo semestre do 2014 e primeiro semestre do 2015, e se procede á súa convocatoria.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actividade da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 no ano 2014.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe relativo ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) no ano 2015.
- Informe ao Consello da Xunta do Plan galego de política familiar 2015-2018. Horizonte 2020.



A XUNTA REFUNDE VARIOS TEXTOS LEGISLATIVOS PARA CONSEGUIR UN MAPA NORMATIVO MÁIS CLARO E SINXELO NESA MATERIA

- ***A iniciativa estaba prevista na Lei de racionalización, que no seu título III consolida a calidade normativa como un principio de actuación do Goberno galego***

O Consello da Xunta de hoxe deu o seu visto e praxe a un decreto legislativo que refunde varios textos que teñen como obxecto directo a regulación en materia de igualdade e de política industrial da nosa Comunidade Autónoma.

Mediante esta norma quedan derogadas expresamente as leis galegas para a igualdade de mulleres e homes (Lei 7/2004), do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (2/2007) e a que suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (Lei 7/2010).

Ademais, tamén derroga as disposicións adicionais quinta e sétima da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007), relativas ao Consello Galego das Mulleres e á Comisión Interdepartamental da Igualdade. Ambas figuras intégranse no novo texto e adquiren así máis relevancia.

Non obstante, este último texto legislativo permanece vixente, xa que a problemática da violencia de xénero presenta unha entidade propia que require un tratamento legislativo especializado e independente, ao considerarse como unha forma extrema de desigualdade.

O resultado é ter agrupado nun único texto toda a normativa legal galega no eido da igualdade -exceptuando a normativa sobre violencia de xénero-, facilitando a consulta a todos os operadores que traballan neste campo, como poden ser técnicos, asociacións ou organizacións non gobernamentais, entre outros.

O texto refundido estrutúrase en cinco títulos, sete disposicións adicionais, unha derradeira e un anexo. O título preliminar recolle as disposicións xerais; o título primeiro regula a integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Xunta e do seu sector público; o segundo aborda as condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega; o terceiro regula as previsións sobre igualdade nas empresas e o cuarto trata do apoio á conciliación e á corresponsabilidade.

Refundición en materia de industria

Neste labor de mellora da calidade normativa autonómica, o Consello da Xunta coñeceu hoxe da refundición, nun so texto legal, da Lei 9/2004, do 10 de agosto, de



seguridade industrial de Galicia, e da Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia.

O novo texto busca que o sector industrial dispoña dunha normativa actualizada, estable, ordenada e accesible para a cidadanía. Os seus obxectivos son a mellora da seguridade industrial, a promoción da actividade industrial, a protección da liberdade de empresa e a participación dos axentes económicos e sociais.

Xa previsto na Lei de racionalización

Unha das disposicións derradeiras da Lei de racionalización do sector público autonómico autorizaba xa a Xunta para elaborar e aprobar un texto refundido das distintas leis vixentes en materia de igualdade, que viñan sufrindo os males derivados da súa dispersión e sucesivas modificacións.

Así, a refundición inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que sexan obxecto do texto refundido. Esta habilitación ten o seu fundamento no propio título III da dita lei, que consolidou a calidade normativa como un principio de actuación do Goberno autonómico.

Un mapa normativo máis claro e sinxelo

O obxectivo era conseguir un mapa normativo máis claro e sinxelo, que achegue seguridade xurídica e elimine obstáculos administrativos; e para iso, entre outras medidas, aprobáronse as Directrices de técnica normativa, co fin de proporcionar pautas para a elaboración de textos máis sinxelos, homoxéneos e comprensibles

Así mesmo hai que lembrar que xa a mediados de 2013, antes incluso da entrada en vigor da Lei de racionalización do sector público autonómico, a Xunta aprobou o Plan de simplificación lexislativa, que apostaba por varias medidas para reducir nun vinte e cinco por cento o número de textos legais vixentes.



NOMEADO MANUEL GALDO NOVO SECRETARIO XERAL DA PRESIDENCIA

- ***Substitúe a Valeriano Martínez, novo conselleiro de Facenda***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Manuel Galdo Pérez como novo secretario xeral da Presidencia, que substitúe no cargo a Valeriano Martínez, novo conselleiro de Facenda.

Manuel Galdo, era desde 2009 o director xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta, un cargo que tamén exerceu entre 2004 e 2005. É licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.

Na Administración galega foi, tamén, subdirector xeral de supervisión de Entidades Financeiras entre o período 1997 e 2004. Ademais, durante cinco anos desempeñou o labor de analista de proxectos de investimento na Dirección Xeral de Promoción e Incentivos Económicos.

O novo secretario xeral da Presidencia ocupou, así mesmo, entre os anos 2005 e 2009, o cargo de xerente da Universidade da Coruña.



A XUNTA APROBA O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA CONVERTER O CORREDOR DO MORRAZO EN AUTOVÍA

- ***O Goberno galego dá un novo paso cara ao seu compromiso de licitar, adxudicar e iniciar as obras en 2015***
- ***Estímase que se aboarán de 1,1 millóns de euros polos máis de 100.000 m² que se afectarán para garantir a construción máis eficiente***
- ***O trazado da futura autovía ten unha lonxitude de 11 km e parte dos terreos necesarios xa se afectou cando se construíu o corredor***
- ***Medio Ambiente aprobou xa o proxecto construtivo do primeiro subtreito, entre Rande e Domaio, no cal investirá máis de 20 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto de urxente ocupación que permitirá iniciar o trámite expropiatorio en todo o trazado do corredor do Morrazo para o seu desdoblamento e conversión en autovía. Estímase que as expropiacións terán un importe total de 1,1 millóns de euros para un total de 105 predios afectados, cunha superficie de 101.315 m².

O desdoblamento previsto dos 11 km de corredor efectuarase mediante a construción máis eficiente posible, evitando o seu desenvolvemento polas zonas máis inaccesibles, razón pola que as citadas expropiacións son necesarias.

Con este decreto, a Xunta avanza no seu obxectivo de converter o corredor do Morrazo en autovía, ao tempo que representa un novo paso no compromiso do Goberno galego de licitar, contratar e iniciar as obras de desdoblamento do corredor do Morrazo neste 2015. Concretamente a licitación poderá levarse a cabo na primavera.

A conversión do corredor do Morrazo en autovía reducirá os problemas de capacidade de infraestrutura actual, redundará en maior seguridade viaria, favorecerá a mobilidade e mellorará a vertebración e a estrutura territorial de comunicacións da comarca do Morrazo co eixe atlántico. Trátase, polo tanto, dunha actuación que procura mellorar a calidade de vida dos veciños e favorecer a actividade económica desta comarca do Morrazo.

Co fin de facer viable esta actuación, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas decidiu dividir a actuación en tres subtreitos. Actualmente estanse a rematar os proxectos construtivos do segundo e do terceiro tramo. O proxecto correspondente ao primeiro deles, o que une Rande-Domaio, está rematado, e recolle a conversión en autovía do actual corredor ao longo de arredor de 3 quilómetros de lonxitude.



Neste percorrido destacan tres infraestruturas principais:

- Viaduto de enlace de Rande, de 73 metros.
- Viaduto da Moura, de máis de 400 metros.
- E o túnel de Montealegre, de 133 metros.


A construción deste primeiro subtreito do desdoblamento contará cun investimento de máis de 20 millóns de euros (incluídas expropiacións e servizos afectados).

O proxecto construtivo desenvolve o trazado aprobado en 2013, que respecto ao licitado anteriormente recolle, entre outros, axustes de deseño en planta e en alzado para minimizar no posible os movementos de terras. A finalidade é definir unha solución máis optimizada, mais sinxela e equilibrada e de menor impacto, mantendo a máxima funcionalidade.

Así, mentres o proxecto inicial prevía neste treito a duplicación da calzada na súa totalidade pola marxe dereita do actual corredor, a nova solución recolle a duplicación pola marxe esquerda (lado da ría), aproximadamente ata o p.q. 1 + 600, e pola marxe dereita (lado do monte) desde ese punto.

Para a definición do trazado da vía e das estruturas, e dada a complexidade da orografía da zona, realizáronse mais de 100 ensaios xeotécnicos (sondaxes, catas, ensaios de penetración dinámica, etc...) que permitiron a caracterización do terreo. Estes ensaios posibilitarán, ademais, que as obras se executen reaproveitando os materiais existentes na maior medida posible, minimizando deste xeito o impacto da actuación.





A XUNTA DE GALICIA APROBA OS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA O ANO 2015

- ***As achegas destinaranse ao desenvolvemento da actividade deportiva ordinaria, á celebración das competicións oficiais, á actividade en idade escolar e a outros gastos e programas federativos, neste 2015***

O Consello da Xunta de Galicia do día de hoxe autorizou a sinatura pola Secretaría Xeral para o Deporte de 46, convenios de colaboración coas federacións deportivas de Galicia. Dos convenios autorizados, 45 teñen por obxecto o financiamento para este 2015 da actividade federada (actividade ordinaria e competitiva, deporte en idade escolar, tecnificación deportiva e outros programas federativos) e o restante, subscrito coa Federación Galega de Piragüismo, a utilización e xestión deportiva do complexo náutico e campo de regatas de Verducido.

En total, a autorización do Consello supón un compromiso de gasto para a Secretaría Xeral para o Deporte de 1.662.848 euros, que se veñen a sumar ao investimento que, para este mesmo exercicio 2015, o departamento de deportes da Xunta de Galicia xa tiña destinados ás federacións deportivas incluídas no programa Río 2016 (1.618.624 euros), programa ao que se acaba de incorporar a Federación Galega de Halterofilia.

Río 2016 creouse o pasado ano coa finalidade de garantir a máxima viabilidade dos proxectos de preparación olímpica das federacións deportivas cara á cita de Río 2016, autorizouse a subscrición de convenios trianuais con estas federacións. Coa incorporación da halterofilia, o programa queda conformado por 15 federacións (piragüismo, taekwondo, remo, vela, atletismo, loita, judo, natación, triatlón, ciclismo, tiro con arco, rugby, tiro olímpico, tenis e halterofilia). A sinatura destes convenios plurianuais permite ás federacións centrarse na realización dos seus programas de promoción, tecnificación e alto rendemento durante o restante período de preparación olímpica (2015 e 2016).

Xunto coa extensión deste programa de preparación olímpica, cómpre destacar tamén que trala autorización do Consello do día de hoxe, por primeira vez, se subscribirán convenios de colaboración con dúas novas federacións deportivas galegas: a Federación Galega de Kick Boxing e a Federación Galega de Deporte Adaptado, xurdida esta última da fusión da Federación Galega de Deportistas con Discapacidade Física e a Federación Galega de Deportistas con Discapacidade Intelectual, nun paso máis no obxectivo da integración de todos os deportistas.

A medida aprobada hoxe permítelle á Secretaría Xeral para o Deporte executar para o 2015 unha das súas principais competencias, que é o apoio ao tecido deportivo de Galicia a través da colaboración coas súas federacións deportivas.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O FINANCIAMENTO TOTAL, POR MÁIS DE 828.000 EUROS, DA AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE CAMOS NO CONCELLO DE NIGRÁN

- ***O obxectivo da actuación é ampliar a rede existente mediante unha nova canalización ao longo da estrada PO-332, o que permitirá conectar as redes secundarias***
- ***Recóllese tamén a conexión da rede co polígono industrial***
- ***As obras permitirán que a rede de abastecemento teña capacidade para atender a case 7.500 habitantes equivalentes***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o total financiamento da obra de ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Camos, no concello pontevedrés de Nigrán, que levará a cabo o organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia. Esta actuación suporá un investimento de máis de 828.000 euros e ten un prazo de execución de seis meses.

Con este tipo de obras, o Goberno galego apoia os concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar as actuacións necesarias para garantir o abastecemento.

No caso do concello de Nigrán, nas parroquias de Camos, Parada e outros núcleos carecen de rede abastecemento, con traídas particulares e áreas con abastecemento a partir de mananciais. O proxecto que financiará Augas de Galicia pretende ampliar a rede existente mediante unha nova canalización ao longo da estrada PO-332, o que permitirá conectar as redes secundarias.

As obras autorizadas hoxe polo Consello da Xunta permitirán, ademais, conectar o polígono industrial coa rede de saneamento.

Para realizar a mellora da rede de abastecemento en Camos instalárase unha condución de impulsión, conectada á rede xeral da estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Nigrán, mediante unha arqueta de formigón, que chegará ata o dito núcleo. A lonxitude total será de algo máis de 3 quilómetros e irá colocada na marxe da estrada xa mencionada. Sinalar que a gubia será entubada para evitar afeccións á estrada, cunha sobreescavación de 0,200 metros a ambos os lados e cun recubrimento dun metro, ademais doutros elementos necesarios para rematar a actuación.

Cabe destacar que se prevén sete futuras conexións secundarias, que quedarán instaladas cun tubo e os seus respectivos pozos. A poboación beneficiada será de case 7.500 habitantes-equivalentes no ano horizonte de 2036.



Pola súa parte, o Concello presentou a solicitude de colaboración técnica e financeira en materia de infraestruturas hidráulicas e o informe de Intervención en que se recolle a súa situación técnico-financiera e onde se xustifica a necesidade que a obra sexa financiada polo Executivo autonómico.

A colaboración técnico-financiera da Comunidade Autónoma de Galicia con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia (Lei 9/2010, de augas de Galicia) e regulábase polo Decreto 84/1997, do 10 de abril, derogado actualmente polo Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, e no que se establece a regulación urxente do procedemento de colaboración.

Ata o momento, debido á escasa capacidade financeira dos concellos galegos e ao importante orzamento deste tipo de obras, a Administración hidráulica de Galicia financiou ao 100% a meirande parte delas, excluindo unicamente as executadas nos grandes núcleos urbanos, ás cales se facía fronte mediante convenios entre os concellos destes núcleos e a Administración hidráulica de Galicia.



O PLAN DE VIVENDA DE GALICIA 2015-2020 BENEFICIARÁ A MÁIS DE 152.000 GALEGOS E MOBILIZARÁ MÁIS DE 600 M€, CON MEDIDAS CONCRETAS PARA A INCLUSIÓN RESIDENCIAL DAS PERSOAS CON MENOS RECURSOS

- *Trátase do primeiro Plan de vivenda que elabora integramente a Xunta de Galicia*
- *Da cantidade total, 307 millóns corresponden a investimentos directos da Administración pública, e outros tantos con investimentos inducidos de carácter privado*
- *Máis do 50% do importe previsto céntrase no establecemento de medidas para facilitar o acceso á vivenda, potenciando o alugamento para os sectores con menos recursos*
- *A Xunta reforzará o impulso á rehabilitación de vivendas como medio para conservar o parque de vivendas existentes, protexer a paisaxe e dinamizar o sector da construción*
- *O Goberno galego asinará acordos coa Sareb que permitirán dispor de novas vivendas para alugar a persoas con dificultades de acceso*
- *Crearase un programa de vivendas baleiras para que os concellos e particulares rexistren domicilios que se alugarán a persoas con dificultade de acceso e que contarán cun seguro multirrisco que proporcionará o Instituto Galego da Vivenda e Solo*
- *A Xunta creará un bono alugueiro para o apoio urxente a familias que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da vivenda, evitando dese xeito os desafuzamentos por impagamento da renda*
- *Estableceranse axudas para a reparación de infravivendas rurais dirixidas a propietarios de casas que non dispoñen das condicións mínimas de habitabilidade e que carecen de recursos para arranxalas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o *Plan rehaVlta*, de rehabilitación e maior acceso á vivenda, que define as liñas estratéxicas das políticas públicas nesta materia, que suporá mobilizar máis de 600 millóns de euros, cunha previsión de beneficiar a máis de 152.000 galegos. Desta cantidade total, 307 millóns de euros corresponden a investimentos directos da Administración Pública, e outros tantos con investimentos inducidos de carácter privado.

Trátase do primeiro Plan de vivenda que elabora integramente a Xunta de Galicia e nace co obxectivo principal de facilitar o acceso á vivenda ás persoas que máis o necesitan e previr a exclusión residencial. Así, dos preto de 307 millóns previstos para investir nos próximos seis anos, máis do 50% está destinado a estes eixes de actuación. Así mesmo, o Goberno galego reforzará o impulso á rehabilitación de vivendas como medio para conservar o parque de vivendas existentes, protexer a paisaxe e dinamizar o sector da construción.



Para definir este Plan de vivenda tivéronse en conta os criterios de estrutura territorial definidos nas Directrices de ordenación do territorio, os indicadores de demanda de vivenda (como as proxeccións demográficas ou o rexistro de demandantes de vivenda como indicador específico) e os impactos previstos das actuacións en materia de vivenda na súa vertente social (como piar do Estado de benestar e fonte de cohesión social), de impacto na paisaxe e de impacto no emprego das propias actividades económicas no sector da vivenda.

Este Plan de vivenda de Galicia 2015-2020 artículase arredor de catro eixes:

Eixe	
Eixe 1	Acceso á vivenda
Eixe 2	Rehabilitación de vivendas e renovación urbana
Eixe 3	Prevenición da exclusión residencial
Eixe 4	Outras medidas en materia de vivenda

▪ **Acceso á vivenda**

O primeiro eixe é o de **acceso á vivenda**, que procura poñer ao alcance das familias, especialmente das máis desfavorecidas, unha vivenda adecuada. Este eixe divídese en **catro programas**:

En primeiro lugar o de **vivendas de promoción pública**, unha liña que seguimos considerando clave e que contará con catro accións:

- A **construción de VPP**, na que o IGVS seguirá levando a iniciativa, pero incluímos **novas posibilidades de colaboración** con outras institucións, con promotores privados, e mesmo cos propios adquirentes, co obxectivo de aumentar a oferta existente.
- Outra liña buscará o acceso a mellores condicións de **financiamento** dos adxudicatarios das vivendas.
- Tamén desenvolveremos **novo solo para VPP**, para o que levaremos a cabo actuacións propias e iniciaremos diferentes colaboracións cos concellos.
- E, por último, continuaremos xestionando as máis de 2.800 **vivendas en alugamento** propiedade do IGVS, adecuando as rendas aos ingresos dos inquilinos e garantindo o seu bo mantemento.

Garantir o acceso a unha vivenda digna a todos os cidadáns é un obxectivo irrenunciábel da Xunta de Galicia, polo que o Plan de vivenda de Galicia 2015-2020 recolle diversos tipos de actuacións segundo as características e necesidades de cada zona do país. Posto que as necesidades non son as mesmas nas sete grandes cidades

que nas pequenas cidades e vilas do resto do país ou o contorno rural que as rodea, preséntanse diferentes solucións e intensidade da actuación.

No momento actual a demanda de vivenda céntrase fundamentalmente no contorno das grandes cidades e as vilas que as rodean, mentres que no extremo contrario se atopan as zonas máis rurais onde as actuacións deben tender ao mantemento da poboación e o freo ao despoboamento.

Este eixe contará con catro programas:

- ✓ Programa 1. **Promoción pública de vivendas:** centrado na construción de vivendas de promoción pública, directamente pola Xunta e mediante fórmulas concertadas; en facilitar o acceso ao financiamento aos seus adxudicatarios; en desenvolver a copropiedade; no impulso da xestión de solo para a súa construción; e a xestión eficiente de vivendas en alugamento propiedade do IGVS co fin de aumentar o seu carácter rotatorio e incrementar o número de beneficiarios.
- ✓ Programa 2. **Apoio á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica,** a través da promoción de solo para a construción das ditas vivendas e da flexibilización do Rexistro de Demandantes de Vivenda para convertelo nun instrumento máis áxil.
- ✓ Programa 3. **Apoio aos adquirentes e cooperativas de vivendas de protección autonómica,** con medidas destinadas a facilitar o acceso ao financiamento dos adquirentes de vivendas protexidas de promoción privada e que faciliten o desenvolvemento de cooperativas de vivendas de protección autonómica. Implantación dun programa de subsidiación de xuros.
- ✓ Programa 4. **Alugamento de vivenda.** Como novidade destaca o acordo de colaboración acadado polo Instituto Galego da Vivenda coa Sareb (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria) polo que a entidade estatal cede ao IGVS vivendas destinadas a alugamento de poboación con especiais dificultades económicas e de acceso.

No que respecta ao alugamento destaca tamén o impulso e coordinación por parte do IGVS dos programas xestionados polos concellos para que acheguen vivendas baleiras propias ou de particulares para destinalas a alugamento. O IGVS asumirá o seguro multirrisco e de impagamento da renda, así como de asistencia xurídica.



Este programa integra tamén o programa Aluga para os contratos en vigor e para o programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias e a xestión do alugamento de vivendas ao abeiro do Plan estatal 2013-2016.

▪ **Rehabilitación**

O segundo eixe, de Rehabilitación de vivendas e renovación urbana, reúne todas as actuacións destinadas á rehabilitación do parque de vivendas construído co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos habitantes das ditas vivendas, reducir o impacto no ambiente ao rebaixar a necesidade de construción de novas residencias, fixar poboación nos núcleos históricos e nos núcleos rurais e, en definitiva, un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles.

Este eixe contará con catro programas:

- ✓ Programa 1. **A rehabilitación illada.** Axudas para a rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas en conxuntos históricos, medio rural, Camiños de Santiago e remate de fachadas de vivendas unifamiliares. Esta liña de axudas enmárcase no obxectivo estratéxico do Goberno de coidado e recuperación da paisaxe e o territorio.

Inclúe tamén a xestión das axudas para os programas de rehabilitación do Plan estatal 2013-2016 e de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios.

- ✓ Programa 2. **Rehabilitación directa polo IGVS.** O IGVS actuará por un lado adquirindo e rehabilitando vivendas existentes, fundamentalmente en núcleos históricos, que se adxudicarán a través do Rexistro de Demandantes. Por outra parte actuará directamente sobre as vivendas de promoción pública da súa propiedade e concederá axudas para rehabilitación ás comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública.
- ✓ Programa 3. **Áreas de Rehabilitación Integral (ARI).** Continuará a execución de actuacións a través das áreas de rehabilitación declaradas na actualidade e promoverase a declaración de novas áreas. Con ese obxectivo esta prevista a publicación dunha nova convocatoria nas próximas semanas.
- ✓ Programa 4. **Outras actuacións de rehabilitación.** Inclúense aquí axudas para eficiencia enerxética, actuacións a través do Consorcio do Casco Vello de Vigo (no que o IGVS é propietario do 90% do capital) e outras actuacións tales como convenios con entidades e asociacións para fomentar a rehabilitación, formación



profesional no ámbito da rehabilitación, a coordinación coas oficinas municipais de rehabilitación e divulgación das axudas para rehabilitación.

▪ **Prevención da exclusión residencial**

Este terceiro eixe pretende dar cobertura ás situacións de especial risco naquelas familias en que o custo da vivenda supón unha porcentaxe moi alta dos seus ingresos, por seren estes baixos.

Inclúe os seguintes programas:

- ✓ **Programa 1.** Vivenda de promoción pública de inserción. Dentro da Estratexia de inclusión social de Galicia 2015-2020, que coordina a Consellería de Traballo crearase unha rede de vivendas de inserción. Serán vivendas que o IGVS porá á disposición das administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que leven a cabo actividades de carácter social, para que as xestionen en réxime de arrendamento ou outras formas de ocupación, destinadas a atender a persoas que requiren unha especial atención e que ademais dunha vivenda precisan dun acompañamento social.
- ✓ **Programa 2.** Realoxamento de afectados por execucións hipotecarias. Programa destinado a ofrecer vivenda en alugamento ou ocupación temporal aos afectados por execucións hipotecarias que cumpren os requisitos, en coordinación co programa Reconduce.
- ✓ **Programa 3.** Programa de apoio a situacións de emerxencia residencial. Este programa oríentase a dar solución a situacións de imposibilidade de acceder a unha vivenda que, ademais, poida traer consigo situacións de desprotección social e exclusión. Instrumentase a través do bono alugueiro, como apoio urxente para familias que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da vivenda. As situacións de necesidade serán avaliadas polos concellos, como entidade máis próximas ao cidadán.

Este programa inclúe tamén unha liña de axudas para a reparación de infravivendas rurais en concellos de menos de 5.000 habitantes, dirixidas a persoas do ámbito rural sen recursos e que posúen unha vivenda que non dispón das condicións mínimas de habitabilidade ou están en situación de semirruína.

Outras medidas

Un cuarto eixe inclúe medidas normativas, estudos e traballos relativos á calidade da construción e normativa técnica, posta en funcionamento do rexistro de informes de avaliación dos edificios e regulación do Rexistro de Promotores da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras cuestións.



A XUNTA INVISTE 16 MILLÓNS EN MENOS DUN ANO PARA A CREACIÓN DE UNIDADES MIXTAS DE INNOVACIÓN EN SECTORES ESTRATÉXICOS

- ***Economía e Industria reforza a súa aposta por estes centros cunha segunda convocatoria de 9 millóns de euros que xerará un centenar de postos de traballo***
- ***Entre as dúas convocatorias, o Goberno galego aspira a mobilizar máis de 50 millóns de euros e crear 250 empregos cualificados, atraendo a Galicia liñas de I+D+i e desenvolvendo proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento***
- ***O programa, que achega os organismos de investigación á empresa incentivando a transferencia de coñecemento, permitiu que Galicia sume xa oito unidades mixtas con compañías líderes nos seus sectores: Gas Natural, Repsol, Everis, Esteve, PSA Peugeot-Citroën, Borg Warner Emissions Systems, Jealsa-Rianxeira, Escurís e Grupo Copo***
- ***Da nova convocatoria poderán beneficiarse centros tecnolóxicos, universidades, fundacións de investigación sanitaria e centros do CSIC e do IEO en Galicia, que logren o compromiso de empresas para desenvolver focos de innovación de alto impacto durante un período mínimo de 3 anos***
- ***Mediante esta liña, encadrada no marco da Estratexia de especialización intelixente – RIS3, o Goberno galego estimula a atracción de capital privado, especialmente de fóra da comunidade, con destino á innovación galega***

A Xunta, na súa aposta pola innovación como un dos piares de crecemento e mellora competitiva do tecido produtivo galego, activará a segunda convocatoria do programa para a creación de centros de innovación mixtos por parte de empresas e organismos de investigación galegos. Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria investirá preto de 16 millóns en menos dun ano nesta liña, satisfacendo a demanda de centros tecnolóxicos e de investigación galegos, que foron quen de ter captado xa o interese de importantes empresas de industrias clave para Galicia pondo en marcha oito unidades mixtas de investigación en sectores estratéxicos da economía galega.

A segunda convocatoria, da que se informou hoxe ao Consello da Xunta, suma 9 millóns de euros que permitirán mobilizar 30 millóns, dando continuidade ao traballo conxunto desenvolvido ata o de agora entre a Axencia Galega de Innovación, os centros tecnolóxicos e de investigación galegos e as empresas.

Deste xeito, entre as dúas convocatorias, o Goberno galego aspira a elevar a máis de 50 millóns de euros a mobilización total de capital público e privado mediante unidades mixtas. Así mesmo, o número de empregos creados para dotar as unidades superará os 250, tendo en conta que as primeiras unidades lle deron traballo xa a 105 profesionais de alta cualificación.



Mediante esta liña de actuación, encadrada no marco da Estratexia de especialización intelixente – RIS3, o Goberno galego estimula a atracción de capital privado, especialmente de fóra da comunidade, con destino á innovación galega. O obxectivo é configurar grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e empresas, con capacidade para achegar a Galicia liñas de I+D+i e desenvolver proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento. Unhas iniciativas que redundan en beneficio do tecido empresarial galego grazas á transferencia de coñecemento en sectores estratéxicos e ao efecto tractor das ditas unidades a nivel local.

Neste sentido, as oito unidades mixtas activadas na primeira convocatoria configúranse como centros de innovación con entidade propia, nos cales os investigadores e tecnólogos galegos colaboran con empresas líderes nos seus sectores: Gas Natural, Repsol, Everis, Esteve, PSA Peugeot-Citröen, Borg Warner Emissions Systems, Jealsa-Rianxeira, Escurís e Grupo Copo.

Grazas a estas liñas, Galicia está a desenvolver diferentes iniciativas en sectores estratéxicos da súa economía. Así, no eido da automoción, o proxecto en que participa PSA xunto ao CTAG está a permitir impulsar unha unidade de investigación centrada nas interfaces home-máquina (IHM), ligada coa conducción autónoma, e que contribuirá ao futuro do vehículo autónomo conectado. Así mesmo, o Grupo Copo, xunto con Aimen, traballa na realización de novas tecnoloxías para a fabricación de produtos escumantes de poliuretano, orientados ao sector da automoción e con aplicabilidade noutros mercados como a aeronáutica, o naval ou a construción. E a empresa da industria de compoñentes BorgWarner aposta, tamén xunto ao CTAG, polo desenvolvemento de sistemas e compoñentes na vangarda tecnolóxica para a diminución de emisións contaminantes.

Pola súa banda, no eido da enerxía, EnergyLab e Gas Natural traballan nunha unidade mixta encamiñada a atopar novos procesos, sistemas e servizos tecnolóxicos en relación co uso de gas natural e biometano para as aplicacións de mobilidade marítima e agraria. E Repsol, xunto ao Itmati, busca a optimización integral do proceso de produción dunha planta.

Así mesmo, no ámbito sanitario, o esforzo conxunto entre Everis e Gradiant está a permitir impulsar liñas de investigación relacionadas cos coidados sociosanitarios; os Laboratorios Esteve e a USC centran a súa investigación nos fármacos para o tratamento da dor crónica. E no sector acuícola, Jealsa-Rianxeira e Anfaco-Cecopesca colaboran na innovación nos procesos produtivos e na modernización da produción do mexillón de batea.



Requisitos para crear unha unidade mixta

A convocatoria, que será publicada nos próximos días no Diario Oficial de Galicia (DOG), está aberta aos centros tecnolóxicos, universidades, fundacións de investigación sanitaria e centros galegos do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e do Instituto Español de Oceanografía (IEO) que acrediten ter captado o interese de empresas para desenvolver conxuntamente proxectos de innovación, co compromiso de manter a unidade un mínimo de tres anos.

O resultado debe ser unha unidade mixta de I + D + i con entidade física propia, persoal da empresa destinado nas súas dependencias e un orzamento mínimo de 2 millóns de euros. As axudas públicas durarán tres anos e cubrirán o 30% do orzamento total. A empresa deberá achegar como mínimo o 40% do orzamento da unidade, mentres que o organismo de investigación socio terá que completar o investimento total con fondos propios.

O centro e a empresa traballarán conxuntamente nas liñas de investigación e participarán tamén de maneira conxunta dos resultados e da propiedade intelectual relativa a estes e á súa explotación. Isto suporá que as novas unidades non serán só un foco de coñecemento punteiro radicado en Galicia, senón que tamén activarán a posta en valor dese coñecemento no mercado, o que se traducirá en activos para mellorar a competitividade e o crecemento económico da comunidade.



A XUNTA DUPLICA A AXUDA PARA PAGAR A FACTURA ELÉCTRICA E FAINA MÁIS ACCESIBLE CO FIN DE CHEGAR AO MAIOR NÚMERO DE FAMILIAS

- ***O Tícket eléctrico pasa de 90 a 180 euros para as familias con dous ou menos fillos e de 120 a 300 euros no caso de familias numerosas***
- ***A nova convocatoria será compatible coa percepción da Risga, incrementando os potenciais beneficiarios ata os 40.000 fogares***
- ***Destínanse 1,5 millóns a unha orde que permitirá acadar aforros de ata o 50% no recibo eléctrico dos fogares con menos recursos***
- ***Simplifícanse os trámites administrativos para acceder á solicitude e refórzanse as vías de tramitación para que sexa máis áxil e sinxelo requirir a axuda***

A Xunta de Galicia, dentro da defensa que está a realizar dos consumidores máis vulnerables no contexto enerxético actual, porá en marcha unha nova convocatoria do Tícket eléctrico social co obxectivo de facilitar o pagamento da factura nos fogares máis necesitados. Neste sentido, e co fin de chegar ao maior número de familias posibles, a orde simplifica os trámites de acceso para presentar as solicitudes e duplica a contía das axudas.

Así, a nova convocatoria mellora as súas prestacións pasando de 90 a 180 euros anuais para as familias con dous o menos fillos ao seu cargo; e de 120 a 300 euros no caso das familias numerosas. Ademais, a convocatoria será compatible coa percepción da Risga, incrementando os potenciais beneficiarios ata os 40.000 fogares. Para acadar estas cifras, a Consellería de Economía e Industria incrementa un 25% o orzamento sumando 1,5 millóns. A orde terá unha duración dun ano comprendendo o segundo semestre do exercicio xa rematado e os primeiros seis meses desta anualidade.

Así mesmo, e coa finalidade de facilitar a solicitude do tícket, que será por vía telemática, simplifícanse os trámites administrativos e refórzanse as vías de tramitación para que sexa máis áxil e sinxelo o seu requirimento. Así, o interesado poderá dirixirse ás oficinas de calquera das xefaturas territoriais da Consellería de Economía e Industria, así como á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que lle tramiten a solicitude.

O tícket, cuxa contía se suma ao bono social do Goberno central, permitirá incrementar os beneficios que este supón, xerando de modo conxunto aforros de ata un 50% no recibo eléctrico dos favorecidos, que desta volta serán aquelas familias galegas con fillos menores de idade ao seu cargo e cuxos ingresos non superen en 1,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).



Deste xeito, o Goberno galego dá un novo paso a favor dos consumidores máis vulnerables, no actual escenario que dificulta a moitas familias dispor dos recursos suficientes para o pagamento da enerxía coa que cubrir as súas principais necesidades.

A Xunta de Galicia está a adoptar medidas que facilitan facer fronte aos prezos da enerxía, que van desde a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos ata a protección dos consumidores e a mellora da eficiencia enerxética. Así, estanse a facer importantes esforzos na defensa dos consumidores eléctricos, resolvendo ao seu favor, grazas ao traballo do Instituto Galego de Consumo, preto dun 60% das máis de 3.000 reclamacións presentadas neste eido nos dez primeiros meses do 2014. Ademais, nos últimos anos o Inega ten promovido entre a cidadanía distintas actuacións encamiñadas a mellorar a conciencia colectiva sobre a importancia de aforrar enerxía, e apoiar os galegos na implantación deste tipo de medidas e de que de equipamentos máis eficientes.



URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 ATENDEU DURANTE O 2014 MÁIS DE 1,1 MILLÓN DE CHAMADAS TELEFÓNICAS

- ***Isto supón 51.024 chamadas máis que o ano anterior***
- ***Case o 40% dos casos non requiriron mobilización de recursos***

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, a través da súa Central de Coordinación, atendeu un total de 1.165.625 chamadas telefónicas ao longo do ano 2014. Isto supón un incremento respecto do ano 2013, en que se atenderon 1.114.601 chamadas, é dicir, 51.024 máis.

Do total das consultas recibidas, case o 40% dos casos non requiriron mobilización de recursos e puidéronse resolver de xeito telefónico mediante consulta médica e información sanitaria.

Ademais, no 30% dos casos onde interveu unha unidade medicalizada do 061 non se tivo que trasladar o paciente ao hospital. Isto reflicte a capacidade de resolución dos profesionais sanitarios especializados na asistencia de emerxencias e a calidade do equipamento e material de que dispoñen.



O ISSGA IMPULSARÁ A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN 2015 CUN TOTAL DE 80 ACTUACIÓNS APROBADAS POLA PATRONAL E OS SINDICATOS

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta do Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) para este ano***
- ***Os seus seis eixes están deseñados cunha perspectiva integral: abarcan todas as disciplinas preventivas e destínanse a todo o tecido empresarial galego***
- ***Inclúense novas actuacións como a publicación dun estudo da sinistralidade laboral, ou un programa de asesoramento técnico en ergonomía en centros hospitalarios e residencias de maiores***
- ***Tamén se porá en marcha unha iniciativa para reducir accidentes en laboratorios e para colaborar coa autoridade sanitaria en materia de lexiónelose no ámbito laboral***

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) impulsará a prevención de riscos laborais en 2015 a través dun total de 80 actuacións incluídas no seu Plan anual de actividades para este exercicio. Este documento foi aprobado na Comisión de Goberno deste organismo, da que forman parte o Goberno galego, a CEG, e os sindicatos UGT, CC.OO. e CIG.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta desta planificación, que foi elaborada seguindo unha perspectiva integral nun dobre sentido: abarca todas as disciplinas preventivas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada, e medicina do traballo) e destínase a todo o tecido empresarial.

Os seus obxectivos son promover un máis eficaz cumprimento da normativa; incrementar a calidade e eficacia dos sistemas de prevención; implicar todos os actores na seguridade e saúde laboral; potenciar a formación e cultura da prevención na sociedade galega e mellorar a investigación na materia.

O total das medidas articúlase ao redor dos seguintes seis eixes: procesos de mellora no desenvolvemento de actuacións de carácter interno no Issga; Observatorio Galego de Condicións de Traballo, que procesa e difunde información e publica datos estatísticos; investigación da sinistralidade; accións de colaboración e asesoramento técnico; programas sectoriais de redución da sinistralidade e accións de formación, difusión, e sensibilización en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde laboral.

Nas actuacións previstas para este ano, inclúense algunhas innovadoras. Por exemplo, este ano publicarase un estudo da sinistralidade laboral en Galicia nos últimos 10 anos e un anuario de enfermidades profesionais de 2014. Tamén se abordará a investigación



de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais dos traballadores autónomos do sector agrario e establecerase unha colaboración coa autoridade sanitaria en materia de lexionelose no ámbito laboral. Ademais, porase en marcha un programa de asesoramento técnico en ergonomía en centros hospitalarios e en residencias de persoas maiores; así como outro destinado á redución de accidentes en laboratorios.

Ademais das novas medidas, reforzaranse as actividades de información e asesoramento aos traballadores e traballadoras do sector primario nas actividades do agro, forestais, das pesca, das adegas e canteiras.

O novo Plan fai tamén especial fincapé na continuidade de certas liñas relevantes, como o impulso da colaboración coa autoridade sanitaria na investigación de enfermidades profesionais e vixilancia epidemiolóxica da saúde laboral; o mapa de riscos ergonómicos de Galicia e a formación en prevención de riscos laborais, que chegará a preto de 8.000 persoas, tanto a menores en idade escolar como a persoas traballadoras, do empresariado ou a persoal técnico.



A XUNTA ULTIMA UN PLAN TRANSVERSAL CON MÁIS DE 170 MEDIDAS DE AXUDA ÁS FAMILIAS E A REVITALIZACIÓN DEMOGRÁFICA

- ***O Plan galego de política familiar 2015-2018 contará con seis eixes: convivencia familiar, educación, conciliación persoal, familiar e laboral, saúde, vivenda e ocio, deporte e voluntariado***
- ***Coa formulación desta iniciativa, a Xunta continúa apostando polo incremento dos apoios económicos ao nacemento e á crianza dos fillos e fillas e o aumento de recursos destinados á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como instrumentos esenciais para contribuír ao cambio demográfico***
- ***Inclúe medidas innovadoras como a creación dun rexistro de familias monoparentais ou a potenciación da creación de escolas de 0-3 anos en contornos empresariais***
- ***As medidas previstas no plan pretenden atender as necesidades das familias galegas, calquera que sexa a súa forma de constitución, e as dos membros que as compoñen, incrementando o seu benestar***
- ***O Consello coñeceu hoxe o informe sobre este plan, que agora iniciará un período de consultas coas entidades que traballan directamente no ámbito da política familiar para que realicen achegas e suxestións***

A Consellería de Traballo e Benestar presentou hoxe no Consello da Xunta un informe que dá conta do Plan galego de política familiar 2015-2018, que será un instrumento de planificación estratéxica de axuda ás familias e á revitalización demográfica con máis de 170 medidas en liña coas recomendacións e políticas impulsadas desde a Unión Europea e outros organismos, expertos e profesionais de referencia no ámbito familiar.

A través de seis áreas de actuación –convivencia familiar, educación, conciliación persoal, familiar e laboral, saúde, vivenda e ocio, deporte e voluntariado- o plan presta atención a todos os dereitos sociais fundamentais que repercuten directamente na vida familiar: emprego, vivenda, sanidade, educación e protección social. As medidas previstas no plan pretenden atender as necesidades das familias galegas calquera que sexa a súa forma de constitución e as dos membros que as compoñen, incrementando o seu benestar.

Coa formulación desta iniciativa, a Xunta continúa apostando polo incremento dos apoios económicos ao nacemento e á crianza dos fillos e fillas e o incremento de recursos destinados á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como instrumentos esenciais para contribuír ao cambio demográfico. Ademais, establece medidas para apoiar as especiais necesidades das familias e dos diferentes grupos de convivencia de Galicia: a maternidade e paternidade, a participación equitativa dos pais e nais no coidado dos fillos e fillas e os procesos de crise familiar.





Na súa elaboración partiuse dun estudo da normativa de referencia na materia, da revisión de ferramentas de planificación estratéxica a nivel estatal e autonómico, no cal participaron todos os departamentos da Xunta. Unha vez presentado este informe sobre o borrador do Plan galego de política familiar ao Consello da Xunta de Galicia, iniciárase un período de consultas ás entidades que traballan directamente no ámbito da política familiar para os efectos da realización de achegas e suxestións.

Seis obxectivos xerais

O Plan galego de política familiar recolle a consecución de seis obxectivos xerais: dotar as familias dos servizos e recursos necesarios para apoiar o papel que desenvolven na sociedade; dar resposta ás necesidades das familias ante situacións especiais; establecer os mecanismos para o apoio á maternidade/paternidade; dotar os pais e as nais das ferramentas que faciliten a conciliación da vida familiar, laboral e persoal e a corresponsabilidade; promover novos modelos de educación familiar para a mellora das pautas na crianza dos e das menores, baseados na parentalidade positiva; e sensibilizar a sociedade, en xeral, sobre a importancia da familia e a súa incidencia no estado de benestar.

A primeira área, a de convivencia familiar, recolle 78 medidas encamiñadas a apoiar a decisión de ser pais e nais, preservar e integrar as persoas menores dentro do ámbito familiar, facilitar as dinámicas familiares positivas, fomentar unha educación familiar baseada no respecto e o afecto, desenvolver recursos para aquelas familias con necesidades especiais, así como dar a coñecer o impacto positivo da familia na sociedade.

Entre as actuacións innovadoras destaca o incremento das prestacións económicas por fillos menores de tres anos, publicado esta semana no DOG; a mellora das deducións por nacemento ou adopción na cota íntegra autonómica do IRPF; o incremento das deducións por coidado de fillos e fillas menores de tres anos ou o fomento da colaboración empresarial e das entidades locais para a ampliación dos beneficios ás familias numerosas.

Así mesmo, destaca a creación do Rexistro Galego de Familias Monoparentais que establece un sistema de beneficios; a modificación da normativa reguladora da mediación familiar en Galicia ou a divulgación entre a sociedade dos servizos e programas de mediación familiar e fomento e ampliación dos programas de mediación familiar (intra e extraxudicial).

A segunda, de educación, recolle a realización de 19 medidas relacionadas co acceso ao sistema educativo e a atención de problemáticas con especial incidencia na educación. Como propostas innovadoras inclúe o impulso á calidade mediante a innovación educativa.



Conciliación persoal, familiar e laboral

En canto á conciliación persoal, familiar e laboral, recolle 29 medidas encamiñadas á consecución e ao apoio á conciliación da vida persoal, laboral e familiar e para facilitar o acceso ao mercado laboral con actuacións innovadoras como a creación de prazas sostidas con fondos públicos; o reforzo das axudas económicas para o acceso a prazas en centros non sostidos con fondos públicos (cheque infantil); a potenciación da creación de centros en contornos empresariais; a potenciación das escolas privadas dependentes de entidades de iniciativa social; a posta en marcha de axudas para a conciliación en empresas; o fomento da incorporación de accións de flexibilización horaria e teletraballo no ámbito laboral; a creación de novos servizos como atención asistencial no domicilio da persoa coidadora (casas niño) e atención á infancia no domicilio (SAFI); a consolidación e adaptación dos servizos de atención á infancia, ás necesidades das familias e ás peculiaridades do contorno (aplicable a servizos como ludotecas, madrugadores, espazos infantís...); ou o impulso da creación de servizos de atención á infancia en contornos empresariais.

O eixe da saúde prevé 14 medidas relacionadas co fomento de hábitos saudables e a prevención de problemas; mentres que a área da vivenda está composta tamén por 14 actuacións para apoiar o acceso e mantemento dun fogar, e inclúe como novidades o aumento da contía das axudas económicas extraordinarias ás familias con menores a cargo en situación de privación material severa, para pagar os gastos de subministración de enerxía e auga nos seus fogares, sempre que os seus ingresos non superen o IPREM, independentemente de que perciban ou non prestacións autonómicas de carácter periódica; e o fomento da colaboración con empresas de subministración para a bonificación dos prezos para as familias en situación de especial dificultade socioeconómica.

A última área de actuación recolle 16 propostas relacionadas co desenvolvemento de actividades culturais, de ocio, turismo, deporte e voluntariado, e inclúe como novidades a posta en marcha de programas de voluntariado en familia nos proxectos, recursos, servizos e programas dependentes da Administración pública autonómica no ámbito social, de cooperación, ambiental, de saúde, educativo, cultural e xuvenil; e a divulgación, entre entidades representativas do ámbito familiar, de programas de voluntariado.

